



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 24 DE OUTUBRO DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D^a. Ana Isabel Barreiro Rego	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xera: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte e catro de outubro do dous mil dezanove, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 17 de outubro de 2019.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **David Gude Saiñas**, de data 18/06/2019 (Rexistro de entrada nº 8.625), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 8 de maio de 2019 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051), Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 6 de maio de 2019, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 24 de maio de 2019, para engadir a expediente de licenza de obras nº 20/19.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, con sinatura dixital o día 18 de xullo de 2019, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 17/10/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 20/19 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 16 de maio de 2019 ao Sr. David Gude Saiñas, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 8 de maio de 2019 redactado polo Sr. Raúl Ares Fuertes, (arquitecto col. nº 3.051), ao Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 6 de maio de 2019, así como ao Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 24 de maio de 2019:

- *En relación ás obras ordinarias de urbanización que se definen no Proxecto de Execución e que afectan á beirarrúa da rúa do canal, deberán de executarse como un vial mixto, ou sexa que a rasante da beirarrúa e da rúa coincidan no mesmo plano, toda vez que o reducido ancho do vial así o aconsellan, e debendo de manterse un ancho mínimo de beirarrúa de 1,50 m. a executar en formigón armado.*





2.- Visto o escrito presentado por **Luciano Rosales Pérez**, de data 20/09/2019 (Rexistro de entrada nº 13.251), no que solicita a devolución de tributos asociados ao expediente de obras nº 2017/174 para construción de galpón en Sirves – Olveira, por denegación de solicitude.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 15/10/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/10/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- DECLARAR CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2017/174), formulada por **Luciano Rosales Pérez**, coa seguinte contía: **187,50 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA - ANA M^a SAMPEDRO GONZÁLEZ.

FINALIDADE DA LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA: Reforma de edificación anexa en vivenda unifamiliar existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C e Solo Rústico de Protección Ordinaria.

REF^a CATASTRAL: 15074A014006680001LL.

SITUACIÓN: Lugar de Vilar nº 3, Riveira.

PROMOTOR/A: Sra. Ana M^a Sampedro González (DNI 33.223.884-Q).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

PROXECTO: Proxecto de Legalización visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xuño de 2018 / Documentación técnica modificada visada polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xuño de 2019 / Documentación técnica modificada de agosto de 2019.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 33.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Ana M^a Sampedro González (DNI 33.223.884-Q), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 11 de xuño, 13 de novembro de 2018, 11 de marzo, 3 e 6 de xuño, 5 de agosto de 2019, (Rexistro de entrada nº 8.735, 16.190, 3.307, 7.762, 8.313 e 11.029), licenza de legalización de obras para de reforma de edificación anexa en vivenda unifamiliar existente, no lugar de Vilar nº 3, Riveira, en parcela con ref^a catastral 15074A014006680001LL, achegándose Proxecto de Legalización visado polo





Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xuño de 2018, Documentación técnica modificada visada polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xuño de 2019, Documentación técnica modificada de agosto de 2019 redactados polos arquitectos Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

SEGUNDO.- O arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe o día 7 de agosto 2019 no que analiza en **sentido desfavorable** o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se sitúa a edificación obxecto da licenza de obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL C e SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA**.

A pesar de que o artigo 90 do PXOM establece respecto á parcela calificada, que é a parcela o parte dela que queda incluída dentro da delimitación de algunha das zonas de ordenanza. Nos casos de parcelas nos que concurran distintas calificacións o clasificacións de solo, se terá en conta a que corresponda á ubicación do edificio, podendo computarse o resto do solo que presente distinta calificación, si bien, quedará vinculado ao edificio. Si a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do máis exixente. A súa medición realízase sobre a proxección vertical nun plano horizontal de referencia, do solo incluído dentro dos límites da mesma, se informa que a parte da parcela que resulta clasificada como **SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA** non se computa a efectos de edificabilidade, parcela mínima e porcentaxe de ocupación.

SEGUNDO.- Os artigos 23 a 26 Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia definen e regulan o Solo de Núcleo Rural, establencendo o artigo 23 o seguinte:

1. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realízase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 28/10/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2019 12:15:23





explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

TERCEIRO.- Establece o artigo 24 da LSG o réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural.

1. Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2. Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3. No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.





7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumprirán as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

CUARTO.- O artigo 25 da LSG contempla os usos do solo de núcleo rural.

1. O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas nesta lei.

2. O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

QUINTO.- O artigo 26 da LSG enumera as actuacións incompatibles.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.

b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.

c) As naves industriais.

d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.

e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúes ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.

f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.

g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:

– Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico.

– Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:

a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.

b) Os novos tendidos aéreos.

c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

SEXTO.- O artigo 142 da LSG, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.





SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto de Legalización visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xuño de 2018, Documentación técnica modificada visada polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xuño de 2019, Documentación técnica modificada de agosto de 2019 redactados polos arquitectos Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da LSG regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da LSG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da LSG establece en relación aos actos promovidos polas administracións públicas que

Os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O artigo 90 da Lei do Solo de Galicia establece que os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incurso no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

O Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incurso na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no punto anterior, e poderanse realizar, como mínimo as obras sinaladas no punto anterior.

DÉCIMO SEGUNDO.- O artigo 171 do Plan Xeral de Ordenación Urbana establece que se considerará edificación fóra de ordenación aquela que incumpra algunha das prescricións e limitacións que se establezcan neste Plan con respecto á ordenación e a edificación.

Cando a inadaptación ás actuais Normas reguladoras da ordenación de volumes non sexan de gran magnitude ni supoñan grave perxurio o perigo, ou ben sexan debidas á aplicación de anteriores Normas u Ordenanzas de Edificación que non ten por qué coincidir coa Normativa do presente Documento, entenderase entón que ese tipo de edificacións encóntranse na situación xenérica de fóra de ordenación.

A situación xenérica de fóra de ordenación permite autorizar neles as necesarias obras de mellora e conservación, garantíndose o seu uso actual e a súa adecuación aos criterios técnicos de edificación da Normativa deste Documento, aunque non se poderá permitir ampliacións que supoñan un incremento do volume edificado.

En consecuencia de acordo co expresado, cando a situación de fóra de ordenación resulte do número de plantas, esta circunstancia non impedirá a libre transmisión de venda ou sucesión das vivendas nin a imposición de cargas sobre as mesmas.





Excepcionalmente e cando as condicións da finca non permitan mellor solución por aplicación da ordenanza, poderán autorizarse obras de aumento de volume e consolidación ao exclusivo obxecto da mellora das condicións hixiénico-sanitarias da vivenda, ata un 35 % da superficie edificada con anterioridade á publicación deste Plan, sen superar as condicións de edificabilidade da ordenanza de aplicación.

No caso dunha edificación de nova planta, é dicir, posterior á data de aprobación definitiva deste Documento, que manifestamente incumpliera á Normativa que regula a ordenación de volumes, o alcalde estará no deber de proceder a inmediata suspensión das obras e demás medidas previstas no art. 175 LSG (derogado) e concordantes do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 (derogado) sin perxuício da aplicación das correspondentes sancións por infracción urbanística que a LS e RDU establecen.

DÉCIMO TERCEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.





DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO QUINTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO SEXTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- As obras que nos acupan son autorizadas en edificacións que se atopan na situación legal de fóra de ordenación tipificadas no artigo 90 da LSG e no artigo 171 do PXOM de Riveira, considerándose de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Sr. Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital favorable o día 7 de agosto de 2019, e visto o informr xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/10/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Ana M^a Sampedro González **LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS (Nº 40/19) PARA REFORMA DE EDIFICACIÓN ANEXA Á VIVEMNDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita no lugar de Vilar nº 3, Riveira, en parcela con refª catastral 15074A014006680001LL, nos termos do Proxecto de Legalización visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 8 de xuño de 2018, Documentación técnica modificada visada polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia de data 3 de xuño de 2019, Documentación técnica modificada de agosto de 2019 redactados polos arquitectos Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875).

SEGUNDO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Ánxeles González Cruxeiras**, de data 07/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.025), no que solicita certificación de cesión de terreo a viais en parcela con referencia catastral nº 15074A032003300000KJ.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A032003300000KJ

Persoados os Servizos Técnicos no lugar, realízase unha medición "in situ" e se comproba coa planimetría catastral, co que se pode informar que a finca, aparentemente, retranqueouse 0,50 m. respecto do camiño principal e 1,00 m. respecto do camiño transversal.

Polo que, multiplicando 0,50 (retranqueo) x 37,90 (fronte da finca polo camiño principal): 18,95 m², e 1,00 (retranqueo) x 30,30 (fronte da finca polo camiño transversal): 30,30 m², co que nos dá unha cesión total a dominio e uso público de 49,25 m².

2.- Visto o escrito presentado por **Hoteles Río Azor, S.L.**, de data 18/09/2019 (Rexistro de entrada nº 13.150), no que solicita certificado de que o terreo non está no inventario de camiños, Insuela, Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Localización: Insuela (Palmeira-Riveira)

Consultado o inventario de camiños se informa que a parcela **non se encontra incluída entre os camiños do inventario**





3.- Visto o escrito presentado por **Uxía Landeira Pereira**, de data 08/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.091), no que solicita información urbanística de parcela sita en Lugar Touro, solo polígono 19 parcela 252.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 18/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A019002520000KY

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación no presente caso a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

2.- Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a ordenanza 6.3.c do PXOM, recollida no artigo 157 do PXOM. Os parámetros mais significativos da mesma son os seguintes:

- Uso característico:	vivenda unifamiliar.
- Parcela mínima:	1.000 m2.
- Fronte mínima:	12 metros
- Ocupación máxima:	30%.
- Edificabilidade máxima:	0,40 m2/m2.
- Número máximo de plantas:	B+ 1P + Bc.
- Altura da edificación:	6,50 metros.
- Altura de coroación:	4 metros.

3.- Aos efectos de segregación da finca matriz, deberase de xustificar o cumprimento de parcela mínima (1.000 m2) e fronte mínima (12 metros, e sempre que a forma da parcela permita a inscrición dunha circunferencia de 12 metros de diámetro).

4.- Por outra parte, cabe sinalar que a parcela está afectada, na súa totalidade, pola banda de afección da servidume de protección de Costas; resultando preciso obter autorización sectorial de Costas de Galicia, e en particular de Costas do Estado, se se vai a afectar á zona de dominio público e/ou de servidume de paso, no seu caso.





- Acompañamos copia de plano de ordenación (escala: 1/2000) do PXOM, co sinalamento da parcela.

4.- Visto o escrito presentado por **María D. Campaña Folgar**, de data 11/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.322), no que solicita certificación de parcela rústica.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A0202013410000KS

Consultado o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, compróbase que a parcela con número de referencia catastral 15074A0202013410000KS está clasificada como Solo Rústico.

5.- Visto o escrito presentado por **Lisardo Suárez Muiños**, de data 18/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.650), no que solicita certificación de natureza de camiño situado en Deán Grande (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 22/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Solicítase información sobre a natureza pública ou privada dun camiño.

Examinado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno Municipal de data 26 de febreiro de 2018, dito camiño non aparece reflectido nel.

Consultado o Catastro Histórico do ano 1956, xa aparece reflectido como camiño público. No catastro actual, tamén aparece reflectido como camiño público.

Á vista de todos os datos recabados, coa documentación obrante no Concello e atendendo ao principio do interese xeral, conclúese que é un camiño de titularidade municipal.

6.- Visto o escrito presentado por José Antonio Blanco Moledo en representación de **Reforven Galicia, S.L.**, de data 12/09/2019 (Rexistro de entrada nº 12.823), no que solicita información sobre condicións para cerramento en Palmeira (Piñares da Lagoriña).





A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 10/10/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A035008440000KB

Categoría solo: Urbano 6.3 A e Rústico de Protección Ordinaria

Se presenta en este ayuntamiento solicitud en la que se expone que “TEMOS INTENCIÓN DE VALLAR A PARCELA CON REF. CATASTRAL 15074A035008440000KB EMPREGANDO MALLA DE SIMPLE TORSIÓN CUNHA ALTURA DE 2,00 MTS.” y se solicita “CONFIRMACIÓN POR PARTE DO CONCELLO SE E POSIBLE EMPREGAR ESTE TIPO DE CIERRE NA REFERIDA FINCA E SE PARA LEVALO A CABO E NECESARIO REALIZAR ALGÚN OUTRO TRAMITE ADMINISTRATIVO”

El objeto del informe es establecer las condiciones aplicables a la parcela de referencia según la normativa vigente.

La parcela tiene una parte de su superficie situada en suelo urbano ordenanza 6.3 A y otra parte en suelo rústico y le corresponde el régimen siguiente:

Según la *Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia se establece que el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas:*

- Al suelo urbano consolidado, integrado por los terrenos que reúnan a condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse simultáneamente con las de edificación se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo urbano consolidado.
- Al suelo rústico se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo rústico.

PARTE DE PARCELA SITUADA EN SUELO URBANO 6.3:

Los propietarios de suelo urbano tienen el derecho de completar la urbanización de los terrenos para que adquieran la condición de solar y a edificar estos en las condiciones establecidas en la LEI 2/2016 y en el planeamiento aplicable y, cuando proceda, participar en la ejecución de actuaciones de transformación urbanística en un régimen de justa distribución de beneficios e cargas.

Los propietarios de suelo urbano consolidado tienen los siguientes deberes:

- a) Ceder gratuitamente a la administración titular de la vía los terrenos destinados a viales fuera de las alineaciones establecidas en el planeamiento cuando pretendan parcelar, edificar o rehabilitar integralmente.
- b) Completar por su cuenta la urbanización necesaria para que los terrenos alcancen, si aún no la tienen, la condición de solar, en los supuestos de edificar o rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán los costes de urbanización precisos para completar os servicios urbanos e ejecutar las obras necesarias para conectar con las redes de servicios y viaria en funcionamiento.

REQUISITOS DE LA PARCELA:



FIRMANTE - FECHA





Tendrán la condición de solar las superficies de suelo urbano legalmente divididas y aptas para la edificación que cuenten con acceso por vía pública pavimentada y servicios urbanos de abastecimiento de agua potable, evacuación de aguas residuales a la red de saneamiento, suministro de energía eléctrica y iluminación pública, en condiciones de caudal y potencia adecuadas para los usos permitidos. Se existe planeamiento, además de lo anterior, deberán estar urbanizadas de acuerdo con las alineaciones y rasantes de todas las vías a las que den frente.

CONDICIONES DE EDIFICACIÓN PARA PARCELAS QUE ALCANCEN LA CONDICIÓN DE SOLAR:

Las construcciones e instalaciones deberán adaptarse al ambiente en el que estén situadas, y para tal efecto:

- a) Las construcciones en lugares inmediatos a un edificio o a un conjunto de edificios de carácter histórico o tradicional deberán armonizar con él.
- b) En los lugares de paisaje abierta o natural, o en las perspectivas que ofrezcan los conjuntos urbanos de características históricas o tradicionales y en las inmediaciones de las carreteras o caminos de trayecto pintoresco, no se permitirá que la situación, masa o altura de las construcciones, muros y cerramientos, o la instalación de otros elementos, limiten el campo visual para contemplar las bellezas naturales, rompan la armonía del paisaje, desfiguren la perspectiva propia de ella o limiten o impidan la contemplación del conjunto.
- c) La tipología de las construcciones y los materiales y colores empleados deberán favorecer la integración en el contorno inmediato y en el paisaje.
- d) Las construcciones deberán presentar todos sus paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados.
- e) Queda prohibida la publicidad estática que por sus dimensiones, localización o colorido no cumpla las anteriores prescripciones.
- f) En las zonas de flujo preferente y en las áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos como explosión, incendio, contaminación, hundimiento u otros análogos solo se permitirán las construcciones y usos admitidos por las legislaciones sectoriales correspondientes.

ARTICULO 157: ORDENANZA 6.3- RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AISLADA.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 28/10/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2019 12:15:23

DOCUMENTO: 20190417513

Fecha: 28/10/2019

Hora: 12:14





Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3 Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima:	Tipo A:	500 m ² .
	Tipo B:	1.000 m ² .
	Tipo C:	1.000 m ² .

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima:	Tipo A:	0,8 m ² /m ²
	Tipo B:	0,4 m ² /m ²
	Tipo C:	0,4 m ² /m ²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Nº plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.





2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m², solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.





PARTE DE PARCELA SITUADA EN SUELO SUELO RÚSTICO

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

- a) Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes e recheos.
- b) Muros de contención, así como valado de predios.
- c) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- d) Campamentos de turismo e instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, de carácter público ou privado, de uso individual ou colectivo, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate.
- e) Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- f) Depósito de materiais, almacenamento e parques de maquinaria e estacionamento ou exposición de vehículos ao aire libre.
- g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros.
- h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.
- i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes e parques de maquinaria forestal.
- j) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- k) Actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias.
- l) Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como as estacións de servizo.
- m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- n) Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- ñ) Construcións de natureza artesanal ou de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino do predio ou explotación do recurso natural.
- o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.
- p) Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 28/10/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2019 12:15:23

DOCUMENTO: 20190417513

Fecha: 28/10/2019

Hora: 12:14





q) Outros usos análogos que se determinen regulamentariamente e coordinados entre a lexislación sectorial e esta lei.

2. Os restantes usos en solo rústico son usos prohibidos.

Réxime de usos

1. Os usos e actividades relacionados no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

2. En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte.

3. Os usos previstos nas letras n) e ñ) do artigo anterior deberán ser obxecto da autorización da persoa titular do órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridade á obtención do título habilitante municipal.

4. Os usos previstos nas letras o) e p) do artigo anterior requirirán a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións, agás que a actuación poida encadrarse no disposto no artigo 40 para as edificacións existentes de carácter tradicional. No caso de se implantar en solo rústico especialmente protexido, será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano sectorial correspondente.

5. Así mesmo, poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, logo da obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

Limitacións de apertura de camiños

1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.

2. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental.

Condiciones de edificación.

1. Las características tipolóxicas, estéticas y constructivas y los materiales, colores y acabados serán acordes con el paisaje rural y las construcciones del entorno, sin perjuicio de otras propuestas que se justifiquen por su calidad arquitectónica.

2. El volumen máximo de la edificación será similar al de las edificaciones tradicionales existentes, salvo cuando resulte imprescindible superarlo por exigencias del uso o actividad. En todo caso, habrán de adoptarse las medidas correctoras necesarias para garantizar el mínimo impacto visual sobre el paisaje y la mínima alteración del relieve natural de los terrenos.

3. Los **cierres de fábrica** no podrán exceder de 1,5 metros de altura, debiendo adaptarse al medio en que se ubiquen.



FIRMANTE - FECHA





Las características concretas de revestimiento, pintado u otras condiciones exigibles serán determinadas en el planeamiento respectivo.

Los cierres realizados con material opaco podrán realizarse con **materiales tradicionales** del medio en el que se emplacen.

A estos efectos, **los cierres y vallados podrán ser vegetales, por su efecto estético y su acción positiva en relación con el medio natural al servir de refugio para la fauna silvestre, procurando el uso de especies arbustivas autóctonas.**

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - CIPRIANO MARIÑO SAMPEDRO.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.1 Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e Solo Urbano Ordenanza 5ª Residencial Media Colectiva Aliñada.

SITUACIÓN: Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira.

REFª CATASTRAL: 8581022MH9088S0001AP.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 8581022MH9088S0001AP, que de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 842,00 m²: Norte Sr. Alejandro Pérez Barcia; Sur estrada e Sra. Carmen Sieira Barreiros; Este camino de servidume; Oeste estrada e Sra. Carmen Sieira Barreiros.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A (RESTO DA FINCA MATRIZ), cunha superficie neta de 488,00 m² que linda: Norte Sr. Alejandro Pérez Barcia e finca B resultante da segregación; Sur estrada; Este camino de servidume; Oeste estrada e Sra. Carmen Sieira Barreiros e finca B resultante da segregación.

FINCA B cunha superficie neta de 347,00 m² que linda: Norte Sr. Alejandro Pérez Barcia; Sur Sra. Carmen Sieira Barreiros e finca A resultante da segregación; Este estrada; Oeste finca B resultante da segregación.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A (resto da finca matriz).

PROMOTOR/A: Sr. Cipriano Mariño Sampedro, (D.N.I. 76.484.136-M).

AUTOR/A PROXECTO: Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col. 2.498).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2019 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. Cipriano Mariño Sampedro, (D.N.I. 76.484.136-M), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 15 e 22 de xullo de 2019, (Rexistro de entrada nº 10.185 e 10.258), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 8581022MH9088S0001AP, sita na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira,





achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2019 redactado pola Sra. M^a Carmen Gago Fernández, (arquitecta col.2.498), así como Escritura de Propiedade.

SEGUNDO.- O arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico favorable o día 29 de xullo de 2019, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as condicións de parcela e frente mínimos, se informa favorablemente a segregación pretendida por cumprir ás determinacións e parámetros urbanísticos da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo.

TERCEIRO.- Asimesmo a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira o día 15 de outubro de 2019 emite informe en relación á superficie de 7,00 m² de cesión a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, na franxa sita no lindeiro da Parcela A (resto da finca matriz).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.1 RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR AGRUPADA e SOLO URBANO CON ORDENANZA 5ª RESIDENCIAL MEDIA COLECTIVA ALINEADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2019 redactado pola Sra. M^a Carmen Gago Fernández, (arquitecta col.2.498), así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.



FIRMANTE - FECHA





CUARTO.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

SEXTO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

SÉTIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital favorable o día 29 de xullo de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital favorable o día 15 de outubro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Cipriano Mariño Sampedro a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº6/19)** con refª catstral nº 8581022MH9088S0001AP, sita na Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de febreiro de 2019 redactado pola Sra. Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecta col.2.498) resultando finalmente dous fincas de modo que:

- **FINCA A (RESTO DA FINCA MATRIZ)**, cunha superficie neta de 488,00 m² que linda: Norte Sr. Alejandro Pérez Barcia e finca B resultante da segregación; Sur estrada; Este camino de servidume; Oeste estrada e Sra. Carmen Sieira Barreiros e finca B resultante da segregación.
- **FINCA B** cunha superficie neta de 347,00 m² que linda: Norte Sr. Alejandro Pérez Barcia; Sur Sra. Carmen Sieira Barreiros e finca A resultante da segregación; Este estrada; Oeste finca B resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A (resto da finca matriz).

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 7,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela A (resto da finca matriz).

Asimesmo deberá completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con*





arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - ROSA M^a GUDE CRUJEIRAS E JOSÉ RAMÓN GUDE CRUJEIRAS.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

SITUACIÓN: Lugar de Porto, Aguiño, Riveira.

REF^a CATASTRAL: 8377603MH9087N0001ZI.

FINCA MATRIZ: Finca con ref^a catastral nº 8377603MH9087N0001ZI, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.927,00 m² que linda: Norte de José Torres Sampedro; Sur de Hermindo Mos; Este camiño; Oeste de Manuel Silva Paz.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ) de 928,00 m² que linda: Norte Finca B resultante da segregación; Sur Hermindo Mos; Este camiño; Oeste Finca B resultante da segregación.

FINCA B de 999,00 m² que linda: Norte de José Torres Sampedro; Sur Hermindo Mos e Finca A resultante da segregación; Este camiño; Oeste de Manuel Silva Paz.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 211,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da Parcela B.

PROMOTOR/A: Sra. Rosa M^a Gude Crujeiras e Sr. José Ramón Gude Crujeiras.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan Carlos Escuris Villa (arquitecto técnico nº 1.166).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2017.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Rosa M^a Gude Crujeiras e Sr. José Ramón Gude Crujeiras solicitábase, en escrito rexistrado de entrada o día 25 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 1.0886), licenza de segregación de finca con ref^a catastral nº 8377603MH9087N0001ZI, sita no lugar de Porto, Aguiño, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2017 redactado polo Sr. Juan Carlos Escuris Villa (arquitecto técnico nº 1.166).

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos emite informe técnico con sinatura dixital o día 6 de febreiro de 2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como solo **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en





ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2017 redactado polo Sr. Juan Carlos Ecuris Villa (arquitecto técnico nº 1.166).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.





- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos





afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

OITAVO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exigible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesiedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesiedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicárase o disposto na lexislación estatal vixente.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.





DÉCIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dla Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

CONSIDERACIÓNS

Constan nas fincas iniciais un número de edificacións que superan o máximo permitido a Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira na que se sitúan, cumprindo os restantes parámetros urbanísticos de edificabilidade e ocupación antes e despois da licenza de segregación e posterior agrupación que nos ocupa, polo dita licenza non empeora a situación urbanística de actual incompatibilidade co planeamento (non encuadradas na situación de fora de ordenación do artigo 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos 6 de febreiro de 2018, vistoo informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano orosa, de data 06/09/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Rosa M^a Gude Crujeiras e Sr. José Ramón Gude Crujeiras a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 7/19)** con ref^a catstral nº 8377603MH9087N0001ZI, sita no lugar de Porto, Aguiño, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de novembro de 2017 redactado polo Sr. Juan Carlos Ecuris Villa (arquitecto técnico nº 1.166), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** *Finca con ref^a catastral nº 8377603MH9087N0001ZI, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.927,00 m² que linda: Norte de José Torres Sampedro; Sur de Hermindo Mos; Este camiño; Oeste de Manuel Silva Paz.*
- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **FINCA A (RESTO DE FINCA MATRIZ)** *de 928,00 m² que linda: Norte Finca B resultante da segregación; Sur Hermindo Mos; Este camiño; Oeste Finca B resultante da segregación.*
- **FINCA B** *de 999,00 m² que linda: Norte de José Torres Sampedro; Sur Hermindo Mos e Finca A resultante da segregación; Este camiño; Oeste de Manuel Silva Paz.*

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**





Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 211, m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: AULA GALEGA DE SAXOFÓN – CURSO 2019/2020.

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da Concelleira Delegada de Educación, Juana maría Brión Santamaría, de data 18/10/2019, no que no que





solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto “Aula Galega de Saxofón” - Curso 2019/2020.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 22/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes prezos públicos:

SAXOFÓN	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA
MODELO 1	11	60 MIN	58,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	44,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO

PIANO	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA
MODELO 1	5	60 MIN	50,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	38,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Riveira “Enrique Paisal”).

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado

BONIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE DE INVERNO A MENOR EN RISCO DE INCLUSIÓN SOCIAL.

Vista a **proposta** da Xefa do Departamento de Servizos Sociais, María Francisca Vidal Regueira, de data 18/10/2019, na que solicita o pago da inscrición (bonificación) das actividades de ocio e tempo libre (Escolas Deportivas Municipais) dun/ha menor pertencente a familia en risco de exclusión usuaria do Programa de Educación Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar a bonificación** das actividades de ocio e tempo libre de menores en risco de exclusión social, segundo o sinalado na citada proposta:





Inscripción nas Escolas Deportivas Municipais de Inverno do/a seguinte menor en risco de exclusión social:

NOME E APELIDOS (Iniciais)	ACTIVIDADE	IMPORTE
A.C.P.	Taekwondo. Grupo 1 (martes e xoves de 17:00 h a 18:00 h)	58,10€
TOTAL		58,10€

CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO – PARROQUIAL DE RIVEIRA.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e Cáritas Diocesana de Santiago – Parroquial de Riveira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e demais persoas vulnerables. Neste caso concreto, a cobertura de necesidades básicas.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e Cáritas Diocesana de Santiago – Parroquial de Riveira; cunha consignación por importe de 12.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48007 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.





2.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A FUNDACIÓN FAIBEN.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e demais persoas vulnerables. Neste caso concreto, o Proxecto Contigo.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Faiben; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48012 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

3.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Amigos de Galicia.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e demais persoas vulnerables. Neste caso concreto, o Proxecto Loita contra a pobreza.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por





unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Fundación Amigos de Galicia; cunha consignación por importe de 5.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48006 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMICOS.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e demais persoas vulnerables. Neste caso concreto, Servizo de Atención Psicolóxica.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Amicos; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 231A.48010 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

5.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER.

VISTA a proposta presentada pola Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 21/10/2019, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no





financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocial e calidade de vida de colectivos como a infancia e demais persoas vulnerables. Neste caso concreto, o Programa de prevención no eido das drogodependencias.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 23/10/2019.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer; cunha consignación por importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 312A.48000 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

